

# Fernando García Acuña no panorama da Literatura Galega

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

Fernando García Acuña nace en Macuriges, provincia de Matanzas, Cuba en 1861. Non temos noticias de seu pai aínda que temos que supoñer que sería un emigrante natural de Betanzos ou polo menos dalgún lugar próximo a esta cidade a onde se trasladou, casado coa cubana Xoana Acuña<sup>1</sup>, coa súa familia, sendo Fernando moi nenio. Sabemos da existencia de tres irmáns, Demetrio,<sup>2</sup> Rafael<sup>3</sup> e Xoana, ademais de Xosé, máis coñecido a nivel político e xornalista que Fernando.<sup>4</sup> Estudiou a carreira de medicina na universidade de Santiago de Compostela, compartindo aulas co futuro médico e poeta lugrés Xesús Rodríguez López, e a través do retrato, feito 25 anos despois da súa morte, entre o real e o ideal, que o seu irmán Xosé fai del, sabemos que o "doutor Macuriges", pseudónimo utilizado en algunha ocasión,<sup>5</sup> exerceu como médico.

*Yo tuve un hermano, de más edad que yo, cubano de nacimiento y médico de profesión y vocación.*

*Murió tuberculoso cuidando a tuberculosos...*

*Su última visita, la que cerrara el ciclo doloroso de su peregrinación profesional, había sido consagrada a una pobre muchacha tuberculosa...<sup>6</sup>*

Casa en Betanzos, coñecéndose a existencia de polo menos un fillo e unha filla. Precisamente, despois dunha longa enfermidade, morre de tuberculose o 16 de Xaneiro de 1895,<sup>7</sup> á idade de 34

\*Concepción Delgado, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.

<sup>1</sup>Dona Xoana sobreviviu ao seu fillo Fernando, morrendo en Madrid en 1897. Cfr. Torres Regueiro, "Os animadores da prensa local" in *Anuario Brigantino*, 1987, p.85.

<sup>2</sup>No xornal *El Mendo* na sección "Crónica de las Mariñas" figura o día 20-1-1891 a nota seguinte: "Hace días se encuentra entre nosotros don Demetrio García-Acuña, hermano de nuestro amigo y colaborador don Fernando. Sea bienvenido".

<sup>3</sup>No xornal *El Mendo* de 28-8-1890, no apartado "Crónica de las Mariñas" fálase do ingreso de Rafael García Acuña no Colexio preparatorio militar de Lugo.

<sup>4</sup>José García Acuña, tradutor de Charles Brun e de Duguit, simpatizante agrario, formaba parte, como secretario xeral, do consello directivo de *Alfar*; no nº 36 desta revista, xaneiro 1924, aparece unha crítica da súa "novela" *La Mariñana*, cualificando ao autor como un dos mellores contistas. É autor tamén da obra *Idearium Regionalista. Esquema sintético de la Evolución Regionalista Ibérica*, Ed. de "El Noroeste", A Coruña, 1925, traballo presentado en 1918 a un certame de Santiago na "Semana Rexionalista"; esta obra vai introducida por un prólogo de Antón Villar Ponte co título "Palabras intimas" no que expón que non está conforme con certas conclusións ás que chega o "ilustre autor de *La Mariñana*". Non podía estar de acordo porque os homes das "Irmandades da Fala" e os de "Nós" tiñan avanzado moito na idea de Galicia como nación, pilar básico e indiscutible para eles entre outras cousas. Con todo, tanto Villar Ponte como os redactores de *Nós*, ainda estando en desacordo co seu pensamento rexionalista que nada adianta ao pensamento de Brañas, trátano ben, quizais polo seu peso político, remarcando a súa idea federalista e o convencemento da variedade de España. Vide *Nós*, nº 24, Ourense 15 Nadal, 1925, p.18. Como poeta en castelán, publicou *De vita et moribus (solaces literarios)* en 1913. O seu discurso de ingreso na Real Academia Galega en 1932, ocupando a vacante que deixara Murguía, foi "Conquista y Evangelización de la Nueva Galicia".

<sup>5</sup>Vide *El Mendo*, 18-9-1891, na carta "Al Bachiller S. Seara" Este "Bachiller Seara", colaborador do Xornal *El Mendo*, denomina tamén ao noso autor "Doctor Macuriges", dedicándolle una "Carta Piristomática". Cfr. *El Mendo*, 21-9-1891.

<sup>6</sup>MIGUEZ, X. A., "Un médico cubano. Fernando García Acuña, en el recuerdo de su hermano José" in *Anuario Brigantino*, 1992, p.260.

<sup>7</sup>No poema dedicado a D. Valerio Alvarez Pedreira, cónsul de España en Civitavecchia, fala do veraneo coa familia en Sada e da súa enfermidade: "He venido con mi gente/A respirar a estas playas/De otra atmósfera,

anos. Dedicado ao xornalismo, participou como impulsor dos primeiros xornais brigantinos no último tercio do século XIX. Colaborador nos xornais locais *El Censor*,<sup>8</sup> *La Libertad*, *El Valdoncel*, *El Mendo*, no xornal coruñés *A Fuliada*, fundando e dirixindo os semanarios locais anticaciquís *El Escobón* e *Las Riberas del Mendo*. Colabora tamén nas publicacións rexionalistas galegas *O tío Marcos da Portela*, *O Galiciano*, e *Galicia Humorística*,<sup>9</sup> con publicacións literarias sobre todo.<sup>10</sup> Fernando defende e utiliza un xornalismo combativo.

## IDEOLOXÍA

Nos seus escritos xornalísticos e na súa obra maniféstase como un progresista que loita polos avances técnico-científicos como se revela na defensa do ferrocarril ou no canto a Peral. Manifesta un carácter liberal na crítica aos reaccionarios e conservadores. Un certo anticlericalismo brota tamén nos seus escritos, considerando que o clero se opón ao progresismo. Na carta que o "Bachiller S. Será", pseudónimo de Severo Ares, poeta, colaborador e crítico teatral xunto con el no xornal *El Censor*, lle dirixe hai algo escuro que parece aludir a certas crenzas ou militancia en algúns orde como a dos masóns: "*Témome que esa reconcentración de velas, quinqué y palmatorias coloque tu cerebro a tan corta distancia del foco, como está de ti el aparato de ese mismo foco*".

É evidente a súa posición rexionalista de corte populista, debéndolle a prensa betanceira unha porción considerábel de compromiso rexionalista. Rexionalista liberal claramente na liña de Murguía e o grupo da Coruña<sup>11</sup> pretendendo devolverlle a Galicia o poder usurpado polo centralismo.

Como autor en prosa, aparte dos seus escritos xornalísticos, publica en *Galicia Humorística*<sup>12</sup> o 15 de Jullo de 1888, o texto "José Vázquez (a) O Chiquito". Baséase nun personaxe popular, de bo humor, de Betanzos, chegando a comparalo, pola súa fama ademais de ser tamén contador de contos, con Boccaccio. Móvese entre a nota biográfica e unha certa tentativa de facer un relato seguindo a técnica do conto popular, introducíndose como un narrador que vai contar a "historia" que a el lle contaron outros. Non se mantén a coherencia porque un pouco máis adiante o narrador define o personaxe como "meu veciño e amigo". Non deixa de facer aquí un eloxio da nosa lingua ao afirmar que en San Sebastián este personaxe contaba contos na "nosa doce fala". O relato axústase a unha sección desta revista na que aparece unha galería de tipos populares entre os que están tipos da Coruña como "Don Pedrito".<sup>13</sup>

## CRÍTICO LITERARIO

Fernando García Acuña non deixou de cultivar a crítica literaria. O seu primeiro traballo en castelán centrarse no escritor betanceiro Pepe Ruanova,<sup>14</sup> nado no primeiro tercio do século XIX ,

otro ambiente./De ese que aquí solamente/Esparen las flores gayas./De ese que tanto codicia/El pulmón más abatido".

<sup>8</sup>Os pseudónimos "F. Cornetín" e "Fernán" que aparecen neste xornal, corresponden a Fernando García Acuña. <sup>9</sup>*Galicia Humorística* (Xaneiro 1888- a Maio 1888) era unha revista quincenal dirixida por Enrique Labarta Pose, en castelán con composicións en galego, na que publicaban autores como Añón, Salvador Golpe, Brañas, Curros e Alberto García Ferreiro. No Ano I, Tomo I, nº 6 aparece o poema de Fernando García Acuña "Mal de moitos"; no Tomo II, nº 1 o relato breve "O chiquito". No tomo II, nº 3, no apartado titulado **Epigramas**, figura unha pequena composición en castelán do noso autor.

<sup>10</sup>*Galicia Humorística*, xornal santiagués dirixido por Enrique Labarta, levaba o subtítulo de "Revista quincenal de costumbres, cuentos, agudezas, anécdotas y tipos gallegos. Novelas homeopáticas y poesías festivas. Ciencias y artes (desde el punto de vista cómico). Acertijos, cantos populares, charada y jeroglíficos". Fernando García Acuña figuraba como colaborador literario xunto con autores como Amor Meilán, Barcia Caballero, Alfredo Brañas, Curros Enríquez, Aurelio Ribalta ou Marcial Valladares.

<sup>11</sup>Cfr. MAIZ, R., *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*.

<sup>12</sup>Vide *Galicia Humorística*, t.II, nº 1, p.24-25.

<sup>13</sup>Vide t. II, nº 1, pp.339-340.

<sup>14</sup>"Don Pepe Ruanova", *El Censor*, 28-12-1883.

pedicuro e estudosas das ciencias médicas. Afirma que escribiu redondillas e versos libres referindo que tamén cultivou o drama e a comedia, chegando ás súas mans un drama fermosísimo que constaba de 15 actos. Critica o seu non recoñecemento e sitúaoo como un dos grandes talentos de Galicia e de España, afirmando que podería competir con Lope de Vega e Calderón ou con D. Juan de la Coba.<sup>15</sup> As gabanzas chegan á esaxeración, consideráodoo na crítica superior a Villegas ou a Ribot. Polo título do poema "Mi Galvana" podemos concluír que este autor, no caso de existir, escribía en castelán.

Exerceu tamén como crítico literario do libro de poemas en galego de Xesús Rodríguez López *Cousas das mulleres*,<sup>16</sup> cun pequeno traballo publicado no xornal *El Mendo* o 4-9-1890. García Acuña congratúlase da aparición deste libro nun momento no que tanto se combatía o rexionalismo:

*"En estos tiempos en que tanto y tanto se combate el regionalismo, hai jóvenes como Rodríguez López que en la "pequeña patria" e incessantemente trabajan por la independencia y autonomía de la misma en todos los terrenos".*

A crítica literaria é escasa por non dicir inexistente, reducindose á afirmación da existencia no libro de **idea, bo pensamento e fantasía**. Afirma que o poeta é un bo coñecedor dos costumes do país, no que coincidimos plenamente xa que Rodríguez López era un escritor esencialmente popular describindo os tipos e xeitos dos campesiños galegos. Neste pequeno ensaio crítico o máis significativo é a defensa do rexionalismo, do diferencialismo e o purismo lingüístico, permitíndose recriminar ao poeta lugués pola utilización constante de castelanismos:

*"Réstame solo decirle al amigo Rodríguez López que "castellaniza" muchas palabras gallegas, que es un pecado "mortal" e "imperdonable" para mí, pero otro tanto se vé a diario en nuestros poetas de primera linea y sin embargo, se les perdona".*

No xornal *El Censor* exerce tamén de crítico teatral, defendendo un teatro na liña do teatro español desfasado de Echegaray.

## FONTES LITERARIAS

Bécquer, Zorrilla e Campoamor eran os mestres foráneos que estaban de moda no seu tempo e que o noso poeta non deixa de mencionar.

A influencia de Bécquer pode verse xa nos títulos de "Rimas" para composicións en galego e en castelán.<sup>17</sup> A influencia de Rosalía plásmase no poema a ela dedicado, e en varias composicións como "É o meu corazón" que nos trae á memoria acomposición rosaliana "Mais ve que o meu corazón/é unha rosa de cen follas".<sup>18</sup> Fóra da composición dedicada a Rosalía non hai moito que nos lembre a transcendente e profunda cosmovisión rosaliana, as únicas pegadas están nos poemas costumistas ou naqueles onde o poeta manifesta un sentimento de saudade ao despedirse da súa terra.<sup>19</sup> A influencia de Benito Losada,<sup>20</sup> do que se declara admirador no poema "A volta da

<sup>15</sup>"Xan da Cova" era un curioso personaxe e poeta ourensán do século XIX, ao que se referirá tamén Curros Enríquez no canto II do *Divino Sainete*.

<sup>16</sup>Rodríguez López, médico como el, fora compañoiro de aulas de García Acuña; escritor popular, cultivou ademais da poesía, a novela *A cruz de salgueiro*, editada en 1899, e o teatro coa comedia *O chufón; Pasaxeiras* libro de poemas e *Gallegadas* composto de poesías e textos en prosa.

<sup>17</sup>No libro *Orballeiras*, nun apartado titulado "Borrascas poéticas", aparece o título de "Rimas". Na revista *O tío Marcos da Portela* publica García Acuña "Rimas Gallegas" que reproducirá non integralmente no libro, eliminando o título.

<sup>18</sup>Influencias concretas rosalianas: "Adios, mociñas garridas", p.12

<sup>19</sup>Cfr. o poema VIII "Adios, pontiña das Cascas", de *Orballeiras*, pp.11-12, co poema de Rosalía de Castro "Adios ríos, adios fontes".

<sup>20</sup>Benito Losada (1824-1891), como Fernando García Acuña, cursou os estudios de medicina na Universidade de Santiago de Compostela. O seu libro máis importante, *Soaces dun vello* publicase en 1886, un ano antes da

romaría", está presente nos poemas costumistas, como o citado, nos que hai unha temática amorosa, e tamén na tentativa de facer epigramas en verso con anécdotas da vida local. As súas lecturas chegaban desde o autor do *Paraíso Perdido* ata César Cantú. Poetas como Bécquer ou Campoamor influen na poesía en castelán máis que na poesía en galego, onde as influencias son fundamentalmente de autores galegos. No ano da publicación do libro de García Acuña, 1887, predominaba unha poesía de tipo costumista e, unha boa parte do libro está ocupada por este tipo de poesía, semellante á que podía aparecer en Benito Losada ou en calquer autor desta época. Ora ben, as preocupacións ideolóxicas do noso autor impeliano para outro tipo de poesía más comprometida coa sociedade do seu tempo, había algo más que esa tranquila e en certo modo bucólica vida dos paisanos galegos. García Acuña canta os tipos e os costumes populares pero adiántase a facer un tipo de poesía nada corrente, criticando con intercalacións de valor ético, a cregos e falsos crentes, na liña dun Guerra Junqueiro ou de Curros,<sup>21</sup> personaxes e vicios, declarándose librepensador, e reivindicando a lingua galega.<sup>22</sup>

Estivo moi relacionado con Galo Salinas<sup>23</sup> a través da súa actividade no xornal *El Mendo*, formando parte dunha comisión que organizaría no cine Alfonsetti unha velada artístico-literaria para conseguir recursos para imprimir o drama premiado no certame literario celebrado polo Liceo Brigantino da Coruña *A torre de peito Burdelo*.

Fernando García Acuña publica un único libro en vida, *Orballeiras*, editado en Betanzos en 1887.<sup>24</sup> Libro bilingüe, composto de 40 poemas, vinteún en galego e dezanove en castelán. Moitos destes poemas xa foran publicados en xornais betanceiros e galegos.

O libro *Orballeiras*, ábrese cun prólogo de Victorino Novo García que se presenta como "un gallego que adora a Cuba", terra na que afirma que foi o lugar onde escribiu os seus primeiros versos.<sup>25</sup> É interesante este prólogo non pola exaltación que fai da paisaxe caribeña senón polas ideas que D. Victorino Novo manifesta respecto das "teorías regionalistas" de certos "modernismos innovadores", considerándoos "soberbios" e de "pretender en vano" a súa implantación no país galego. Asegura que García Acuña sorrirá ante estas doutrinas "empequeñeciendo el más grande y más puro y más santo de los amores, el amor a la patria, llegan a la insensatez de tener por extranjeras las aguas del río que salvan los límites de nuestras provincias". Hai neste prólogo todo unha alegación contra unha parte do pensamento rexionalista que, segundo el, nega un lugar ao seu lado a aqueles que "no hayan recibido las aguas del bautismo en las pilas de nuestras iglesias", teorías, que segundo el considera, nunca chegarán a ter éxito. Parece que trata de incluir a García Acuña, xuntamente con el, na crítica destes homes e destas ideas:

*Afortunadamente, no han de hallar eco nunca entre nosotros esas predicaciones; porque los que aman a Galicia con amor verdadero, los que rinden culto ferviente a la pequeña patria, no quieren para ella el cinturón de piedra de una nueva muralla de la China, no quieren la misera vida del aislamiento, que si podría satisfacer mezquinas vanidades de los pequeños, haría converger los esfuerzos de todos al único trabajo de aborrecerse y devorarse; lo que quieren, lo que desean, es ensanchar más y más cada día el círculo en que se mueven, abrir a la patria gallega nuevos horizontes, hacerla conocida por sus relaciones con los demás pueblos para que entre en el concierto*

publicación de *Orballeiras*.

<sup>21</sup>Non podemos afirmar que García Acuña coñecese a poesía de Guerra Junqueiro mais sen dúbida hai semellanzas entre os poemas "A Árvore do Mal" do grande poeta portugués, e "O brindis do demo" do poeta galego.

<sup>22</sup>Vide "Unha aperta".

<sup>23</sup>Galo Salinas é nomeado representante, na cidade de Pontedeume, do xornal *El Mendo*, publicando aquí numerosos traballo a partir do 13-9-1890.

<sup>24</sup>A publicación preparada pola "Asociación Cultural Eira Vella" está feita a partir da segunda edición.

<sup>25</sup>D. Victorino Novo García empezou de xornalista e de escritor primeiramente nas terras do Caribe. José Mariano Abizanda nomea a Novo, compañeiro de Curros Enriquez no grupo "Galicia Literaria", como o primeiro director do xornal *El Correo Gallego*. En 1894 formaba parte da sociedade coruñesa "Folklore Gallego", nada coa intención de crear a Academia Galega.

general de la vida donde tanto pueden pesar sus tesoros ignorados, y contar por cientos el número de los que, como García Acuña, vienen de otras provincias a quemar incienso en nuestros altares y elevan su voz para enaltecer y bendecir a Galicia.

O prólogo está asinado no Ferrol en febreiro de 1887, cando Novo era aínda director do xornal *El Correo Gallego*<sup>26</sup>

García Acuña, como Xesús Rodríguez López e como Galo Salinas, forma parte dun grupo de poetas da segunda metade do século XIX caracterizados pola inspiración na realidade rural galega, reproducindo, moitas veces, fielmente, a vida popular cos seus tipos e costumes. Son autores que viven e escriben á sombra das tres grandes figuras do Rexurdimento galego: Rosalia, Curros e Pondal, moitas veces contemporaneamente con eles,<sup>27</sup> representando a fase final da poesía costumista do século XIX. O libro de García Acuña publicado en 1887, sitúase entre a publicación de dous grandes libros dos dous mestres Pondal e Curros: *Queixumes dos pinos* e *O Divino Sainete*.

### CLASIFICACIÓN DA POESÍA DE ORBALLEIRAS

É moi significativo que o libro se abra e se feche con composicións en galego. O poema inicial é "A miña nai", poesía intimista, autobiográfica, na que un "eu" poético dedica "catro ringlóns mal escritos" á súa nai, frutos dun tempo e dun paraíso perdido.

As notas autobiográficas volven a aparecer no poema "Unha aperta": "*Sol da terra americana/está o verce do que escrebe/en doce lingua estas cántigas*". Neste poema faise unha exaltación das terras de América e de Galicia. O curioso é que o poeta se define aquí como o "bardo", á maneira de Pondal.<sup>28</sup>

Poesía intimista na liña autobiográfica é tamén o poema dedicado a Clotilde P. Acuña, titulado "Soedá", no que o "eu" poético non deixa de lembrar a nena que morreu.

As composicións breves numeradas con números romanos, e que aparecían publicadas en *O Tio Marcos da Portela* como "Rimas Gallegas" están dentro da mesma corrente.<sup>29</sup>

Estes poemas intimistas están na liña dun posromantismo que non se achega para nada á profundidade da poesía rosaliana de *Follas Novas*. A aportación fundamental de García Acuña á poesía galega, está na liña da poesía de Curros; non hai unha poesía cívica ao xeito de aquel, cousa que únicamente se pode detectar no derradeiro poema do libro "Houbo en Madrid certo día", mais si unha poesía de crítica ao clero na que se manifesta cal novo Godofredo preparando unha cruzada: "*E levo por sagrada/Insiña na direita./A bandeiriña santa/Que levan os escravos/Que os cregos asovallan*". A crítica é aberta e dura: "*De cregos e arcebispos/De bruxas e beatas./E xentes de moi negras/E longas, grandes sayas./Exército comprote/Vin diante as miñas barbas;/Ningún a fame leva/Nas suas framantes caras./Ningún está mantido/Con leite ou con patacas./Odres do bó Riveiro/Somellan polas trazas./Que todos sirvidores/Sonvos da eirexia santa./E nada nesta vida/Ós lampantís lles falla...*"<sup>30</sup> A crítica a este estamento social está presente na composición

<sup>26</sup>Designado por D. Xosé Abizanda, fundador do xornal *El Correo Gallego*, como primeiro director, Victorino Novo desempeñará este cargo de 1878 a 1891 na cidade do Ferrol.

<sup>27</sup>O Rexurdimento pleno iniciase en 1863 con *Cantares Gallegos*, sendo 1880 o "annus mirabilis" coa publicación de *Follas Novas*, *Aires da miña terra e Saudades Gallegas*; 1886 é o ano da publicación de *Queixumes dos pinos* e 1888 o de *O Divino Sainete*.

<sup>28</sup>"¿Que pode ofrecerche o bardo/que ven de terras lexanas?", *Orballeiras*, p.8.

<sup>29</sup>O autor eliminou a palabra "rimas", que non debía considerar adecuada para as composicións en galego, e, á maneira de Rosalia, numera as composicións con números romanos. As composicións asinadas en 1885 eran 11. No libro *Orballeiras* aparecen 14 composicións ainda que non recolle as composicións presentes en *O Tio Marcos da Portela*: "A San Andrés de Teixido/vai un mozo ca sua moza./milagres que fai o sonto./sempre veñen tres a volta!", "Eiche comprar unha rosca/de San Andrés de Teixido,/pra que te acordes do tempo/que nos levou o camiño".Cfr. *O Tio Marcos da Portela*, 2ª época, 1885-1886, Parrafeo 118, Ourense 7 de Marzo de 1886.

<sup>30</sup>In *Orballeiras*, pp.79,80.

encabezada polo cantar popular "¡Malia o crego que pedrica/tales cousas ás rapazas!", na que o cantar se sitúa no final dunha estrofa e do poema, técnica semellante, por outra parte, á de Rosalía nos seus *Cantares Gallegos*; a deshumanización do clero maniféstase no poema "Mal de moitas", no que o cura non dá importancia á morte dunha rapaza deshonrada e abandonada: "*Fai pouco soupen morrera/Esta nena en Vilouzás,/E que o crego ali dixerá:-;Bah! morreu dun paratrás./Dios quixo que sucedera*". As semellanzas coa poesía de Curros son evidentes no poema titulado "A Fé" e que nos fai pensar no famoso poema do autor "A Igrexa Fría". Tamén como Curros, obsérvase a humanización do divino e unha certa ironía no tratamento do ceo, dos santos e das figuras bíblicas: "*Esto falou Lusbel, cal si o falara/Castelar na sua lingua falangueira;/Anemosos aprausos resoaron/De ambos lados da mesa.../Alcontrábanse bêbedos xa todos/E concruida a festa,/Deitouse Adán nuns contos de centeo/E Lusbel foi con Eva...*" Deus aparece como arrendatario do paraíso: "*Soupose ali que Dios lles arrendara/Uns ancos de terra./Polos que tiñan que pagar ó ano/Eu non sei canta renda*".<sup>31</sup> Continuamente o "eu" poético proclámase como non crente, sen embargo, hai referencias a Deus que parecen asegurar que cría nel, ainda que non no clero nin nas súas doutrinas: "*Pois tan só Aquel que lle dá/Ós álboreos froi e follas./E ponlle o rabo ás cereixas./Entender pode estas cousas...*".<sup>32</sup> A fantasia é a que lle fai ver que hai un Deus que vixía os seus pasos na terra.<sup>33</sup> Maniféstase tamén como un crente na Virxe mais critica a súa utilización no poema dedicado a Ramón Peón, no que o "eu" fala con Ela dicíndolle que o critican por herexa e por incrédulo; a Virxe, humanizada e baixada á terra, respóndelle con ironía e con comprensión: "*-Sigue o teu camiño./Poeta ou copreiro,/E deixa que coman/Os frades, os cregos;/Que cada un ten oficio no mundo,/I eu sirvo de médico*".

O posromantismo alterna cun realismo no que se acomoda ben o poeta no tipo de poesía narrativa cunha base argumental, na que se manifesta como un narrador que conta o que lle contaron outros cunha técnica semellante á do conto oral e popular, e onde está presente unha erótica picaresa e unha visión optimista.

A súa poesía oscila desde un intimismo e lirismo, co tratamiento dos amores populares, pasando por un costumismo e realismo, ata un patriotismo con pegas de reivindicación do librepensamento. Non pode considerarse un poeta xenial mais si un poeta con personalidade que se atreve a facer un tipo de poesía nada corrente en canto ser voz que clama no seu propiotempo. En materia de relixión non se manifesta unha vivencia relixiosa senón que afirma non ser crente e o seu deus parece ser o progreso técnico e o librepensamento na liña positivista de Comte, considerando o clero como provocador e alimentador da ignorancia.

## VERSIFICACIÓN

Predominan as composicións formadas por versos de oito sílabas, verso utilizado tamén en outras combinacións, e que é o que mellor domina, utilizándoo en romances. García Acuña non é coidadoso coa medida dos versos salvo en ocasións como na composición que dedica a Rosalía, formada por versos de 11 e de sete sílabas, combinación que volverá a utilizar na composición "O brindis do demo" e en outras composicións. O heptasílabo utilizao tamén só "Cal novo Godofredo" en composicións arromanceadas. Utiliza bastante o verso de 12 sílabas combinado con versos de arte menor, cinco sílabas na composición "Ti xa me entedes". O decasílabo combínase con versos de seis sílabas no poema dedicado a Ramón Peón. Predomina a rima asonante que usa exclusivamente. As estruturas máis correntes son romances de oito sílabas, predominando os narrativos fronte aos líricos, e a combinación de endecasílabos con versos de arte menor. Nunha mesma composición, no poema "Mal de Moitas", mestura estas dúas estructuras. □

<sup>31</sup>Vide "O Brindis do Demo", de *Orballeiras*, pp.35,36.

<sup>32</sup>"Mal de Moitas", p.43.

<sup>33</sup>Vide "¡Miña fantasia!", p.45.